



**Procedemento** Subvencións solicitadas a outra Administración

**Código SIA** 2475481

**Expediente** 158/2024.- SUBVENCION TR351G APROL RURAL 2024

**Trámite** Anuncio desestimado do procedemento de selección de persoal laboral temporal para o Programa Aprol Rural 2024

## ANUNCIO

Pola presente dáse publicidade á Resolución 2024-0678, de 6 de xuño de 2024 desta concellería delegada de Urbanismo, Rehabilitación, Mobilidade e Réxime Interior (Delegación por Resolución de Alcaldía número 2023-0615, de data 26.06.2023), da que se reproduce de seguido o seu texto principal e pronunciamiento primeiro:

“Con data 19.04.2024 (número rexistro de entrada 2024-E-RC-1843, de 24.04.2024) practícase notificación da Resolución da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración de 19.04.2024 pola que ao abeiro da Orde do 26 de decembro de 2023 establece as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural) e procede a convocalas para o exercicio do ano 2024 (DOG núm. 17, do 24 de xaneiro de 2024), concédese unha subvención ao concello de Mugaros para a contratación dun oficial de segunda servizos múltiples por un periodo de nove meses.

Dita axuda está destinada ao financiamento de accións de fomento de emprego en colaboración coas entidades locais rurais a través da contratación de persoas traballadoras desempregadas para a realización de tarefas relacionadas maioritariamente coa prevención de incendios nas faixas secundarias definidas pola Lei de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, como son a planificación preventiva, a valorización forestal, a silvicultura, a limpeza de montes, a xestión da biomasa, (código do procedemento TR351G), co obxecto de proporcionarlles a experiencia e práctica profesional necesarias para facilitar a súa inserción laboral.

Desenvolvidas as actuacións tendentes ao cumprimento do prazo de inicio marcado pola Consellería para a obra o servizo e remitidos sendos escritos polos que de conformidade co establecido nos artigos 30 e 32 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas dado o breve prazos outorgado dende a concesión de axuda e as circunstancias temporais concorrentes no presente ano, solicitábase unha ampliación do prazo para levar a cabo a contratación, por Decreto núm. 2024-0646, de 31.01.2024 desta concellería delegada se adoptaban medidas excepcionais para poder axilizar os tempos de tramitación de xeito compatible cos principios aplicables á selección de persoal.



Porén, pese a tratarse dun proceso de concorrencia non competitiva, a administración autonómica posteriormente e con esa mesma data, practica comunicación polo que reafirma a súa decisión de non acceder á petición do concello. Decisión que non pode ser obxecto de recurso autónomo conforme ao indicado art. 32 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Examinados todos os intereses públicos presentes e tras a consulta cos servizos técnicos municipais, informe de intervención de 06.06.2024 e dilixencia e nora informativa de secretaría desa mesma data, decaído o título habilitante para levar a cabo a contratación nos termos da DA9ª da Lei 3/2023, de 28 de febreiro de Emprego, carecendo o concello no momento actual do seu propio Plan de Emprego e tendo en conta o carácter colaborativo que este tipo de actuacións teñen para o concello en virtude do establecido nos artigos 25 e 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local en función das competencias que exercita unha e outra Administración Pública; tendo en cotna o establecido no artigo 20 da Lei Ley 31/2022, de 23 de diciembre, de Presupuestos Generales del Estado para el año 2023, en situación de prórroga orzamentaria e no artigo 15 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se presta aprobación ao texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, en exercizo das facultades delegadas mediante Resolución de Alcaldía nº 2023-0615, de 26.06.2023,

#### **RESOLVO:**

**Primeiro.-** Desistir do procedemento de selección de persoal laboral temporal vinculados a programas de activación para o emprego, Programa Aprot Rural 2024, iniciado mediante Decreto núm. 2024-0531 de 06.05.2024.

...”.

Mugardos, á data da sinatura dixital á marxe.

O concelleiro delegado de Urbanismo, Rehabilitación, Mobilidade e Réxime Interior  
(Delegación RA nº 2023-0615, de 26.06.2023)

José Miguel Mahía Prados

